



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Persoal e Organización

Nomeamento de funcionario interino arquitecto, da escala de administración especial, subescala técnica, grupo A1- GCP

ANUNCIO

Por resolución núm. 1853 da concelleira delegada de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior do 29 de xullo de 2026, resolveuse o seguinte que en extracto di:

*“PRIMEIRO.- Nomear a don Gonzalo Cabeza Puente, con DNI núm. ***1802** como funcionario interino arquitecto, da escala de administración especial, subescala técnica, grupo A1, ata a incorporación da persoa titular do posto que se atopa en situación de excedencia por prestación de servizos no sector público.*

SEGUNDO.- Asignar a don Gonzalo Cabeza Puente, o posto de arquitecto, código vixente RPT: OM.1.1.06.

(.../...)”

TERCEIRO.- Notificar esta resolución ás persoas interesadas conforme aos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, e art. 3.2. h) do RD 128/2018, de 16 de marzo, e comunicala aos servizos municipais afectados.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal de Instancia do Contencioso-Administrativo de A Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.”

O que se publica para coñecemento xeral.

Culleredo, 17 de agosto de 2026

O Alcalde-Presidente

José Ramón Rioboo Castro

Concello de Culleredo

2026/5486